

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 07/02/1978

Colección:

Data: 07/02/1978

De:

Luís Seoane;

Para:

Ramón Piñeiro;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Galicia 2002; Artes; Artes visuais; Política; Preautonomía en Galicia;

Mencionados:

Salvador García-Bodaño; José Ruibal Argibay; Maruxa Seoane;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Luís Seoane, a Ramón Piñeiro do 07/02/1978

Buenos Aires, 7 de Febreiro de 1978

Sr. D. Ramón Piñeiro
Santiago

Querido Piñeiro:

Poucas verbas pra che agradecer os recortes que me remitiches encol da preautonomía. Na prensa de eiquí non se publica nada sobor Galicia, ou moi pouco. O que se publica son noticias de moi pouco interés, o que non ocorre cos problemas bascos e cataláns. A xente está, en xeral, informada da eisistencia da preautonomía de eses dous países, mais non se dou a noticia da referida a Galicia, a pesares de que a axencia Efe está chea de periodistas galegos, e é da que se nutren nas referencias a España os xornaes arxentinos.

Cheguei mal a Buenos Aires, con unha gripe collida en Madride e pola que estuve mal uns dez días, mais xa estou traballando, aínda que non coa intensidade que acostumo, en parte, penso, polo clima déste mes de vran, calor, tormentas, inundacións, fresco, ao mellor nun mesmo día todo. Estes días inicio os grabados dun libro de cen estampas de grabados en madeira adicados a Galicia para unha editorial arxentina. Esto é todo hoxe.

Unha gran aperta pra Isabel e pra tí de Maruja e miña. Tamén para Sara

Nota: Ao finar esta carta chegaronme as probas de Galicia 2002 que foron remitidas a Coruña o 24 de Xaneiro. E da Coruña aquí uns sete días. Na imposibilidade de poder cumprir co prazo que sinalaba o Vicerrector pra entregar as probas correxidas, pregaríache que ti ou Ruibal, ou García Bodaño, ou quen dispuxeses, as correxisen, suprimindo as miñas intervencións, mal recollidas polo aparello grabador e transformadas adiviñando o que eu dixen por quen interpretou, coa mellor intención, o que eu dixen. Por exemplo, en unha delas fanme decir que os italianos viñan a Arxentina en millores condicións de alfabetismo que os galegos, facendo o eloxio da escola primaria en Italia. E isto é inexacto, os italiáns viñan a este país en condicións similares aos galegos, resto dos españoles e portugueses. Penso que nos primeiros trinta anos déste século con maior proporción de analfabetos que os galegos. Por eso penso que deben de borrarse as miñas intervencións verbales. Eu sinto moito todo isto, non me importan demasiado as erratas cando non alteran o que se escribe. Mais estas non son erratas, senón malas interpretacións do que o aparello grabador recolleu mal polo que fose.

Nunca me pasou nada similar a esto. Perdóademe, mais eu non quixera que a xente matinara que non sei o que digo.

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.